



ANUNCIO

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA OBRAS EN CEMITERIOS DE TITULARIDADE PRIVADA

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello, celebrada o día 3 de outubro de 2023, aprobáronse as bases específicas para a concesión de subvencións para obras en cemiterios de titularidade privada, publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra núm. 213 de 6 de novembro de 2023.

Con data 9 de novembro de 2023, por decreto de Alcaldía, resólvese proceder á “Convocatoria pública para a concesión de subvencións para obras en cemiterios de titularidade privada”. O texto da mesma é o que se insire a continuación:

“**PRIMEIRO.-** Proceder á convocatoria pública para a concesión de subvencións para obras en cemiterios de titularidade privada, coas seguintes especificacións:

1. OBXECTO

O Concello de Nigrán realiza a convocatoria de subvencións co obxectivo de mellorar as infraestruturas existentes nos cemiterios de titularidade privada para garantir o cumprimento da normativa en materia sanitaria e prestar un servizo de maior calidade aos veciños.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexerese polas súas bases específicas, aprobadas por este Concello en sesión plenaria de 3/10/2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 6 de novembro de 2023, ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións, comunidades de propietarios ou outras entidades sen natureza relixiosa, titulares de cemiterios privados situados no termo municipal de Nigrán





CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org



4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 30.000 euros con cargo á consignación orzamentaria reflectida na partida 23 164 48000 do Orzamento Xeral para o ano 2022 prorrogado para o ano 2023, introducida mediante modificación de crédito 4/23.

5. CONTÍA DAS AXUDAS

Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de 10.000 euros.

As subvencións concederanse de acordo cos criterios establecidos no apartado “criterios de outorgamento” das bases reguladoras.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido na base “presentación de solicitudes” das bases específicas.

7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto de subvención, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa relacionada na base “xustificación e pago das subvencións” das bases específicas.

O prazo máximo para presentar esta documentación será o 15 de setembro do ano 2024”.

O ALCALDE

